

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Expediente núm.: 4072/2024

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Contratacións

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

Sobre a mesa o expediente de contratación 4072/2024, no que consta a Resolución da alcaldía núm. 2024-1069 do 29.08.2024 pola que, en relación co citado expediente de contratación, se acorda, entre outros, incoar o expediente administrativo de contratación para a execución das obras do proxecto "MELLORA DE INFRAESTRUTURAS NO PARQUE EMPRESARIAL DE ESPÍÑEIRA: INSTALACIÓN DE SISTEMAS DE SEGURIDADE E VIXILANCIA" subvencionado polas axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede a súa convocatoria para o ano 2024 (código do procedemento IN519B) (DOG 14 do 19.01.2024), redactado polo arquitecto municipal, cun orzamento de execución por contrata por importe de **54.635,28€ (Ive engadido)** e un prazo de execución de **UN MES**, redactar os pregos de cláusulas administrativas particulares que regulen esta licitación mediante procedemento aberto simplificado e someter o expediente a informe de secretaría e á fiscalización da intervención municipal.

Figura incorporada no expediente a seguinte documentación:

- Proxecto técnico definitivo refundido da subministración asinado polo enxeñeiro técnico industrial, Roberto Carlos Ozores Nine (núm colexiado 2084) asinado o 28.08.2024, incorpora a modificación realizada con data 25.03.2024
- Providencia da alcaldía trámites previos á licitación pola que se dispón a emisión de informe técnico para a licitación asinada o 22.08.2024
- Documento de retención de crédito por importe de **54.635,28€ (Ive engadido)** para a licitación da obra asinado pola intervención municipal o 28.08.2024
- Informe técnico para a licitación emitido polo arquitecto municipal o 23.08.2024
- Memoria xustificativa do contrato asinada o 28.8.2024 polo concelleiro de Obras e Servizos.
- Resolución da alcaldía núm. 2024-1069 do 29.08.2024 de incoación do expediente.
- Proposta de prego de cláusulas administrativas particulares asinada polo concelleiro de Servizos o 30.08.2024
- Informe xurídico asinado o 30.08.2024 pola técnica de contratación coa conformidade da secretaría municipal
- Informe de intervención número 2024-0017 do 10.09.2024 de fiscalización de conformidade do expediente.



A actuación está cofinanciada mediante a subvención concedida pola consellería de Economía, Industria e Innovación, ao abeiro da orde de 4 de xaneiro de 2024 (DOG 14 do 19.01.2024)

A competencia para a aprobación do expediente corresponde á Xunta de Goberno Local por delegación, debido a causas xurídicas e económicas de cara ao cumprimento dos prazos de xustificación como a evitar a perda dos fondos da subvención concedida avócase a competencia pola Alcaldía de acordo co artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público

Vista a proposta de resolución PR/2024/568 de 11 de setembro de 2024.

RESOLUCIÓN

PRIMEIRO. Declarar xustificada a necesidade da celebración do contrato por procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria e varios criterios de adxudicación así como o cumprimento e realización dos fins institucionais do Concello de Boiro en base á natureza e extensión de ditas necesidades, e a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, nos termos que se derivan do expediente.

SEGUNDO. Aprobar os pregos de cláusulas administrativas que van rexer a contratación, por parte do Concello de Boiro, do contrato de execución das obras do proxecto denominado "MELLORA DE INFRAESTRUTURAS NO PARQUE EMPRESARIAL DE ESPÍNEIRA: INSTALACIÓN DE SISTEMAS DE SEGURIDADE E VIXILANCIA" subvencionado polas axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede a súa convocatoria para o ano 2024 (código do procedemento IN519B) (DOG 14 do 19.01.2024), redactado polo arquitecto municipal, cun orzamento de execución por contrata por importe de **54.635,28€ (Ive engadido)** e un prazo de execución de **UN MES**.

TERCEIRO. Aprobar o expediente de contratación núm 4072/2024, mediante a forma de procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria e varios criterios de adxudicación.

CUARTO. Autorizar o gasto que supón este contrato con cargo á partida orzamentaria **433/63301** do orzamento municipal. Código do proxecto 2024/2/POLIG/2

QUINTO. Proceder á apertura do procedemento de adxudicación, publicando o anuncio de licitación no perfil do contratante do órgano de contratación (Plataforma de Contratación do Sector Público), para que os interesados poidan presentar as proposicións que consideren pertinentes, durante o prazo de **15 DÍAS NATURAIS** desde a citada publicación.

SEXTO. Publicar este acordo no perfil do contratante (Plataforma de contratos do sector público) de acordo co disposto no artigo 117 da LCSP, así como o resto de documentación que dita plataforma esixe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

